

**INFORME- PROPOSTA MODIFICACION ORDENANZA FISCAL NÚM. 200
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA-
VEHÍCULOS AGRÍCOLA.**

PRIMEIRO.- No artigo 93.1 letra g) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola, tendo a devandita exención de acordo co establecido no apartado dous do mesmo artigo o carácter de rogada: *“Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio”*.

SEGUNDO.- No parágrafo cuarto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica establécese que a devandita exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a exención e que se manterá nos sucesivos exercicios namentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión, pero non se especifica o prazo no que o suxeito pasivo pode realizar a devandita devolución durante o exercicio.

TERCEIRO.- No artigo 137.1 do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, establécese que o recoñecemento dos beneficios fiscais terá efectos desde o momento que estableza a normativa aplicable ou, na súa falta, desde o momento da súa concesión.

O recoñecemento de beneficios fiscais será provisional cando estea condicionado ao cumprimento de condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no expediente. A súa aplicación estará condicionada á concorrencia en todo momento das condicións e requisitos previstos na normativa aplicable.

CUARTO.- Aos efectos de facilitar a xestión na tramitación dos expedientes relativos a tramitación do devandito beneficio fiscal e evitar as correspondentes anulacións e devolucións de recibos derivadas da falta de regulación da determinación do prazo no que deben efectuarse as correspondentes solicitudes.

En virtude do artigo 12.1 Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais, que establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizárase de acordo con o previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado

reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

E en virtude do apartado dous do mesmo artigo no que se establece que a través das súas ordenanzas fiscais as entidades locais poderán adaptar a normativa a que se refire o apartado anterior ao réxime de organización e funcionamento interno propio de cada unha delas, sen que tal adaptación poida contravir o contido material da devandita normativa.

PROPONSE a modificación do parágrafo cuarto do artigo 5 da Ordenanza Fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que quedaría redactado dos seguinte xeito:

“b) No suposto do apartado 1.7, os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da exención, debendo achegar o permiso de circulación do vehículo e a inscrición do mesmo no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (R.O.M.A.) no municipio de Lugo.

A exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a solicitude e manterase namentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión, sempre que a solicitude sexa realizada con anterioridade a que a liquidación ou o recibo de vencemento periódico quedase consentido e firme e concorran na data de devindicación os requisitos necesarios para poder disfrutar da exención.

Nos supostos de autoliquidación deberase formularse a solicitude do beneficio fiscal ao presentar a autoliquidación correspondente e aplicándolle, con carácter provisional, a exención.”

Asinado dixitalmente pola Xefa de Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme Excmo. Sr. Alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do Excmo. Concello de Lugo, na data que figura á marxe.